Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Toponimia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Vila Queimada de Sobroso

Ó pé do Castelo de Sobroso, concello de Mondariz (Pontevedra), inda hoxe existe, A Fonte da Vila, situada no lugar coñecido por A Vila Queimada, moi pertiño do Crasto de Chans, todo dentro desta histórica terra ancestral da Sobreira.

Como manda a tradicion oral que vén dos nosos avós. En Vilasobroso, de todos é sabido, está situado no outeiro de Landín o vello castelo románico de Sobroso, do sáculo XI; lugar dos avatares medievais que padeceron os habitantes sobroseños ó longo da nosa historia.

Dicían os nosos devanceiros que no lugar que aquí coñecemos como A Vila Queimada (poboación matriz do Vilasobroso actual) foi onde os antigos señores medievais, os Sarmiento e mais os Soutomaior, pelexaban polos dominios destas terras, sometendo os seus habitantes o seu vasalaxe. Dende aquelas datas, os nosos ancestros sobroseños foron transmitíndonos unha lenda que dí:

Na Fonte da Vila
inda hai auga a correr;
foi Pedro Madruga
quen a quixo beber .

Hai que di que neste lugar estaba ubicada a antiga □Vila de Salain□, poboación antiga da época da raiña Dona

Urraca, pois perto deste lugar un barrio de Vilasobroso chámase ainda hoxe Saniñáns. posiblemente foi onde se asentaron os moradores daquela □Vila de Salain□ □Saliñan□ □Saniñans□

[Texto remitido por un sobroseño anónimo. Febreiro de 2010]

BIBLIOGRAFÍA

Sobroso. Baluarte Histórico de Galicia, de José Márquez Paramés, Deputación de Pontevedra, 2002